

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020386	Marco do Camballón	Vila de Cruces	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0216	Atención sanitaria	2022/2023	8	213	255

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA CARMEN PENAS BLANCO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O título de Técnico/a en Atención a persoas en situación de dependencia está determinado polo Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro e o Decreto 226/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia (DOG nº228, de 29 de novembro de 2012).

A. Contorno profesional.

As persoas que obteñan este título han de exercer a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- * Coidador/a de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- * Coidador/a en centros de atención psiquiátrica.
- * Xerocultor/a.
- * Governante/a e subgovernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- * Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- * Auxiliar de axuda a domicilio.
- * Asistente de atención domiciliaria.
- * Traballador/a familiar.
- * Auxiliar de educación especial.
- * Asistente persoal.
- * Teleoperador/a de teleasistencia.

B. Prospectiva do título no sector ou nos sectores.

1. As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable.
2. A diminución de coidadores informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias ha redundar tamén nunha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.
3. O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades de apoio psicosocial.
4. A asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, esixe profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento.
5. A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

C. Perfil profesional.

O perfil profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

D. Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

E. Competencias profesionais, persoais e sociais.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Determinar as necesidades asistenciais e psicosociais da persoa en situación de dependencia mediante a interpretación da información obtida acerca da persoa a través do plan de atención individual, respectando a súa confidencialidade.
- b) Organizar as actividades de atención ás persoas en situación de dependencia, favorecendo a súa colaboración e a da familia, e tendo en conta as directrices establecidas no plan de atención individualizada.
- c) Realizar as tarefas de hixiene persoal e vestidura das persoas en situación de dependencia, achegando a axuda precisa, favorecendo ao máximo a súa autonomía nas actividades da vida diaria e mantendo cara a elas unha actitude de respecto e profesionalidade.
- d) Organizar a intervención relativa á alimentación, supervisando os menús, preparando os alimentos e administrándoos en caso necesario.
- e) Xestionar a documentación básica e o orzamento da unidade de convivencia, cun óptimo aproveitamento dos recursos e asegurando a viabilidade da xestión económica.
- f) Realizar as actividades de mantemento e limpeza do domicilio, garantindo as condicións de habitabilidade, hixiene e orde, con criterios de calidade, seguridade e coidado do ambiente e, de ser o caso, tramitando a documentación pertinente.
- g) Realizar as intervencións relacionadas co estado físico das persoas en situación de dependencia, seguindo as pautas establecidas e amosando en todo momento respecto pola súa intimidade.
- h) Realizar os traslados, as mobilizacións e o apoio á deambulacón das persoas en situación de dependencia, em-pregando os protocolos e as axudas técnicas necesarias, seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual (PAI) e adoptando medidas de prevención e seguridade.
- i) Aplicar medidas de prevención e seguridade tanto para as persoas en situación de dependencia como para o persoal profesional, en distintos ámbitos de intervención.
- j) Dar resposta a situacións de emerxencia e risco para a saúde no desenvolvemento da actividade profesional, aplicando técnicas de primeiros auxilios.
- k) Pór en práctica intervencións de apoio psicosocial, empregando axudas técnicas, apoios de comunicación e tecnoloxías da información e da comunicación, e seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual.
- l) Aplicar técnicas e estratexias para o mantemento e o desenvolvemento das habilidades de autonomía persoal e social das persoas en situación de dependencia, empregando axudas técnicas e de comunicación consonte as pautas marcadas no plan de atención individual.
- m) Realizar tarefas de acompañamento e asistencia persoal, respectando as directrices do plan individual de vida independente e as decisións da persoa usuaria.
- n) Asesorar as persoas en situación de dependencia, as familiares e o persoal coidador non formal, proporcionándolles pautas de actuación no coidado e na atención asistencial e psicosocial, e adecuando a comunicación e as actitudes ás características das persoas interlocutoras.
- ñ) Resolver as continxencias con iniciativa e autonomía, amosando unha actitude autocrítica e procurando alternativas para favorecer o benestar das persoas en situación de dependencia.
- o) Colaborar no control e no seguimento das actividades asistenciais, psicosociais e de xestión domiciliaria, cubrindo os rexistros oportunos, manexando as aplicacións informáticas do servizo e comunicando as incidencias detectadas.
- p) Xestionar as chamadas entrantes e saíntes do servizo de teleasistencia, recibíndoas e emitíndoas segundo os protocolos establecidos, utilizando aplicacións informáticas e ferramentas telemáticas.
- q) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos productivos, actualizando os seus coñecementos, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- r) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con outros profesionais no contorno de traballo.
- s) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e da súa autonomía.
- t) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

- u) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso productivo, para evitar danos nas persoas, no contexto laboral e no ambiente.
- v) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- w) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.
- x) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

F. Obxectivos xerais.

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Identificar técnicas e instrumentos de observación e rexistro, e selecciónalos en función das características das persoas en situación de dependencia e do plan de atención individualizado, para determinar as súas necesidades asistenciais e psicosociais.
- b) Interpretar as directrices do programa de intervención, adecuándoas ás características e ás necesidades das persoas en situación de dependencia, para organizar as actividades asistenciais e psicosociais.
- c) Identificar as posibilidades e as limitacións das persoas en situación de dependencia, seleccionando o tipo de axuda segundo os seus niveis de autonomía e autodeterminación, para a realización das actividades de hixiene persoal e vestidura, seguindo as pautas marcadas no plan de atención individualizado.
- d) Interpretar as prescricións dietéticas establecidas no plan de atención individualizado, adecuando os menús e a preparación de alimentos, para organizar a intervención relacionada coa alimentación.
- e) Identificar as necesidades de apoio á inxestión das persoas en situación de dependencia, tendo en conta a súa relación coas técnicas e os soportes de axuda, para administrar os alimentos.
- f) Analizar procedementos de administración e control de gastos en relación cos recursos e as necesidades das persoas en situación de dependencia, para xestionar o orzamento da unidade de convivencia.
- g) Identificar procedementos de mantemento do domicilio, e seleccionar os recursos e os medios necesarios que garantan as condicións de habitabilidade, hixiene e orde, con criterios de calidade, seguridade e coidado ambiental, para realizar as actividades de mantemento e limpeza.
- h) Seleccionar técnicas de preparación para a exploración, a administración e o control de medicación e recollida de mostras da persoa en situación de dependencia, en relación coas súas características e as pautas establecidas para levar a cabo intervencións relacionadas co estado físico.
- i) Seleccionar procedementos e axudas técnicas, seguindo as directrices do plan de atención individualizado e adecuándoos á situación das persoas en situación de dependencia, para realizar traslados, mobilizacións e apoio á de-ambulacón.
- j) Identificar factores de risco en relación coas medidas de prevención e seguridade, para aplicar as medidas adecuadas para preservar a integridade das persoas en situación de dependencia e dos propios profesionais.
- k) Seleccionar técnicas de primeiros auxilios, seguindo os protocolos establecidos para actuar en situacións de emerxencia e risco para a saúde no desenvolvemento da súa actividade profesional.
- l) Analizar estratexias psicolóxicas, rehabilitadoras, ocupacionais e de comunicación, adecuándoas a circunstancias específicas da persoa en situación de dependencia, para realizar intervencións de apoio psicosocial acordes coas directrices do plan de atención individualizado.
- m) Identificar sistemas de apoio á comunicación en relación coas características da persoa, para o desenvolvemento e o mantemento de habilidades de autonomía persoal e social.
- n) Seleccionar axudas técnicas e de comunicación en relación coas posibilidades e as características da persoa en situación de dependencia, para favorecer as habilidades de autonomía persoal e social, e as posibilidades de vida independente.
- ñ) Identificar os principios de vida independente en relación coas características da persoa e do contorno, para promover a súa autonomía e participación social.
- o) Analizar os elementos críticos do plan individual de vida independente en relación coas decisións de cada persoa, para realizar as tarefas de acompañamento e asistencia persoal.
- p) Seleccionar estilos de comunicación e actitudes en relación coas características da persoa interlocutora, para asesorar as persoas en

situación de dependencia, as familias e o persoal coidador non formal q) Identificar os protocolos de actuación en relación coas continxencias, para as resolver con seguridade e eficacia.

- r) Formalizar os instrumentos de control e seguimento, aplicando os protocolos, para colaborar no control e no seguimento nas actividades asistenciais, psicosociais e de xestión.
- s) Identificar ferramentas telemáticas e aplicacións informáticas, e seleccionar os protocolos establecidos para a emisión, a recepción e a xestión de chamadas do servizo de teleasistencia.
- t) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación, para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a diversas situacións profesionais e laborais.
- u) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais, para actuar con responsabilidade e autonomía.
- v) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.
- w) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia do proceso.
- x) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional en relación coas súas causas, co fin de fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes, para evitar danos propios, nas demais persoas, no contorno e no ambiente.
- y) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade e o deseño universais.
- z) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e no sector produtivo de referencia.
- aa) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- ab) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática.

A formación do módulo de Atención Sanitaria contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), e), h), i), j), p), r), v), w), x) e z) do ciclo formativo, e as competencias a), b), d), g), h), i), n), ñ), o), s), t), u) e v).

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O usuario		20	10
2	Constantes vitales		40	15
3	O movemento		60	20
4	A alimentación		42	15
5	A eliminación		38	15
6	Farmacoloxía e terapias complementarias		35	15
7	Rexistro		20	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O usuario	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.	NO
RA3 - Caracteriza actividades de asistencia sanitaria, tendo en conta a relación das necesidades e as características da persoa usuaria co establecido no plan de cuidados.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Descríbense as principais características e necesidades de atención física das persoas en situación de dependencia.
CA1.3 Identifícanse os principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
CA1.4 Identifícanse as características do contexto que favorezan ou dificulten o estado físico e de saúde da persoa usuaria.
CA1.5 Interpretáronse as prescricións de atención sanitaria establecidas no plan de cuidados.
CA1.6 Definíronse as condicións ambientais favorables para a atención sanitaria.
CA1.7 Argumentouse a importancia da participación da persoa nas actividades sanitarias.
CA1.8 Valorouse a importancia de promover o autocoidado.
CA1.11 Identificouse a terminoloxía básica sanitaria
CA3.1 Seleccionáronse as posicións anatómicas máis adecuadas para facilitar a exploración das persoas usuarias.
CA3.7 Valorouse a importancia de favorecer a participación da persoa usuaria e o das persoas do seu contorno nas actividades sanitarias.

4.1.e) Contidos

Contidos
Terminoloxía básica sanitaria (CA1.11)
Necesidades de atención sanitaria das persoas en situación de dependencia.
Identificación dos principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
Análise das condicións ambientais na atención sanitaria.
Estratexias para a promoción do autocoidado.
Sensibilización cara á necesidade de promover o autocoidado dentro das posibilidades da persoa.
Posicións anatómicas precisas para a exploración médica.
Valoración da importancia da implicación da persoa e o seu contorno nas actividades sanitarias: asesoramento sobre pautas de actuación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Constantes vitales	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.	NO
RA3 - Caracteriza actividades de asistencia sanitaria, tendo en conta a relación das necesidades e as características da persoa usuaria co establecido no plan de cuidados.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións máis frecuentes dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor.
CA1.1.3 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións dos sistemas cardiovascular
CA1.1.4 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións do sistema respiratorio
CA3.6 Tomáronse as constantes vitais da persoa, utilizando os materiais adecuados e seguindo as prescricións establecidas.
0CA3.10 Aplícanse os cuidados adecuados para o sistema vascular e sistema respiratorio

4.2.e) Contidos

Contidos
Principios anatomofisiolóxicos dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor: patoloxía relacionada.
Principios anatomofisiolóxicos dos sistemas cardiovascular: patoloxía relacionada
Principios anatomofisiolóxicos dos sistemas respiratorio: patoloxía relacionada
0 Aplicación de técnicas e procedementos de medición e rexistro de constantes vitais. Constantes vitais: temperatura, frecuencia respiratoria, presión arterial e frecuencia cardíaca. Rexistro gráfico das constantes vitais. Balance hídrico.
0 Constantes vitais: temperatura, frecuencia respiratoria, presión arterial e frecuencia cardíaca
0 Aplicación de técnicas e procedementos de medición e rexistro de constantes vitais
Aplicación de técnicas de mobilización de secrecións en doenzas do aparello respiratorio.
Aplicación de técnicas de masaxe para favorecer a circulación venosa e linfática.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O movemento	60

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de mobilización, traslado e deambulación, para o que analiza as características da persoa en situación de dependencia.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicáronse as técnicas máis frecuentes de colocación de persoas encamadas, con adecuación ao seu estado e ás súas condicións.
CA2.2 Aplicáronse técnicas de mobilización, deambulación e traslado de persoas en situación de dependencia, con adecuación ao seu estado e ás súas condicións.
CA2.3 Aplicáronse procedementos que garantan unha carga segura e a prevención da aparición de posibles lesións no persoal profesional.
CA2.4 Utilizáronse as axudas técnicas de mobilización, transporte, deambulación e posicionamento en cama de persoas en situación de dependencia máis adecuadas ao seu estado e ás súas condicións.
CA2.5 Adoptáronse medidas de prevención e seguridade.
CA2.6 Descríbense as técnicas de limpeza e conservación de próteses, precisando os materiais e os produtos adecuados en función do estado e das necesidades da persoa usuaria.
CA2.7 Proporcionáronse pautas de actuación á persoa en situación de dependencia e ás do seu contorno, que favorezan a súa autonomía, en relación coa mobilidade e o mantemento das axudas técnicas.
CA2.8 Amosouse sensibilidade cara á necesidade de potenciar a autonomía da persoa usuaria.
CA2.9 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións do aparello locomotor e sistema nervioso

4.3.e) Contidos

Contidos
Principios anatomofisiolóxicos de sostén e movemento do corpo humano (aparello locomotor e sistema nervioso): patoloxía máis frecuente.
Posicións anatómicas.
Técnicas de mobilización, traslado e deambulación: manobras de estirada e mobilización articular.
Aplicación dos principios de mecánica corporal na prevención de riscos profesionais: prevención de lesións no persoal; procedementos de carga.
Aplicación de medidas de prevención e seguridade.
Utilización de axudas técnicas para a deambulación, o traslado e a mobilización de persoas en situación de dependencia: Colocación. Comprobacións de seguridade. Técnicas e materiais de limpeza e conservación de próteses. Asesoramento ás persoas en situación.
Valoración da importancia da implicación na realización das actividades.
Apoio na aplicación de técnicas específicas de rehabilitación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A alimentación	42

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.	NO
RA4 - Organiza actividades de alimentación e apoio á inxestión, para o que selecciona as técnicas, os instrumentos e as axudas necesarias.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións máis frecuentes dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor.
CA1.1.1 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións do sistema dixestivo
0CA1.10 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións do sistema endocrino
CA4.1 Organizouse a distribución e o servizo das comidas na institución, seguindo as prescricións da folia de dietas.
CA4.2 Aplicáronse técnicas de apoio á inxestión, en función das características e das necesidades da persoa.
CA4.3 Informouse a persoa en situación de dependencia e a súa familia acerca da correcta administración de alimentos.
CA4.4 Comprobase que a inxestión se axuste ao plan de coidados.
CA4.6 Amosouse sensibilidade cara á importancia de que a hora da comida sexa un momento agradable para a persoa.
CA4.7 Identificáronse os posibles riscos asociados ás situacións de inxestión.
CA4.8 Adoptáronse medidas de seguridade e prevención de riscos.
CA4.8.1 Adoptáronse medidas de seguridade e prevención durante a inxesta de alimentos

4.4.e) Contidos

Contidos
Características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións do sistema endocrino (CA 1.10)
Principios anatomofisiolóxicos dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor: patoloxía relacionada.
Principios anatomofisiolóxicos dos sistemas dixestivo: patoloxía relacionada.
Servizo de comidas en institucións.
Orientación á persoa usuaria, así como aos coidadores e ás coidadoras principais, sobre a inxestión de alimentos, a recollida de excrecións e a eliminación.
Orientación á persoa usuaria, así como aos coidadores e ás coidadoras principais sobre a inxestión de alimentos
Valoración da importancia da actitude do persoal técnico fronte ás necesidades de apoio á inxestión.
Organización e distribución dos alimentos.

Contidos

Aplicación de técnicas de administración de comidas.

Alimentación por vía oral e parenteral.

[Alimentación por vía enteral](#)

Aplicación de axudas técnicas para a inxestión.

Prevenición de situacións de risco asociadas á alimentación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A eliminación	38

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.	NO
RA4 - Organiza actividades de alimentación e apoio á inxestión, para o que selecciona as técnicas, os instrumentos e as axudas necesarias.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1.2 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións do sistema reproductor
CA1.9 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións do aparello excretor
CA4.5 Asesorouse a persoa e a familia sobre a utilización dos materiais de recollida de excrecións e a súa posterior eliminación.
CA4.8 Adoptáronse medidas de seguridade e prevención de riscos.
CA4.8.2 Adoptáronse medidas de seguridade e prevención durante a recollida e eliminación de excretas
CA4.9 Realizouse a utilización dos materiais adecuados de recollida de excrecións e a súa posterior eliminación

4.5.e) Contidos

Contidos
Características anatomofisiolóxicas do aparello excretor: patoloxía relacionada (CA 1,9)
Principios anatomofisiolóxicos dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reproductor: patoloxía relacionada.
Principios anatomofisiolóxicos do aparello reproductor: patoloxía relacionada
Orientación á persoa usuaria, así como aos cuidadores e ás cuidadoras principais, sobre a inxestión de alimentos, a recollida de excrecións e a eliminación.
Orientación á persoa usuaria, así como aos cuidadores e ás cuidadoras principais sobre a recollida de excrecións e a eliminación
Prevención de riscos asociadas á excreción (CA 4.1.2)
Recollida e eliminación de excrecións.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Farmacoloxía e terapias complementarias	35

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Caracteriza actividades de asistencia sanitaria, tendo en conta a relación das necesidades e as características da persoa usuaria co establecido no plan de cuidados.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Preparouse e prevíuse a administración dos medicamentos, cumprindo as pautas establecidas no plan de cuidados individualizado e as prescricións específicas para cada vía e cada produto.
CA3.3 Identificáronse os principais riscos asociados á administración de medicamentos.
CA3.4 Seleccionáronse tratamentos locais de frío e calor atendendo ás pautas dun plan de cuidados individualizado.
CA3.5 Identificáronse os signos de posibles alteracións no estado xeral da persoa durante a administración de medicamentos.
CA3.8 Empregáronse as medidas de protección, hixiene e seguridade establecidas tanto para o persoal como para a persoa usuaria.
CA3.9 Aplicáronse terapias complementarias de mobilizacións, masaxe e hidroterapia en función do estado e necesidades da persoa usuaria

4.6.e) Contidos

Contidos
Principios de farmacoloxía xeral: formas farmacéuticas e clasificación de fármacos.
Preparación e administración de medicamentos: Principais características anatomofisiolóxicas das zonas afectadas. Administración por vía oral, tópica e rectal. Administración de aerosois e oxixeno. Riscos asociados á administración de medicamentos. Detecc
Prevenición de riscos na administración de medicamentos: uso de medidas de protección, hixiene e seguridade.
Aplicación de técnicas de aplicación local de frío e calor.
Aplicación de técnicas hidrotermais.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Rexistro	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención sanitaria, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse as características que deben cumprir os protocolos de observación, control e seguimento do estado físico e sanitario das persoas usuarias.
CA5.2 Cubríronse protocolos de observación e rexistro, manuais e informatizados, seguindo as pautas establecidas en cada caso.
CA5.2.1 <i>Cubríronse protocolos de observación e rexistro manuais, seguindo as pautas establecidas en cada caso</i>
CA5.2.2 <i>Cubríronse protocolos de observación e rexistro informatizados, seguindo as pautas establecidas en cada caso</i>
CA5.3 Recolleuse información correcta e completa sobre as actividades realizadas e as continxencias que se presentaran.
CA5.4 Obtívose información da persoa ou das persoas ao seu cargo mediante diversos instrumentos.
CA5.5 Aplicáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución física da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.
CA5.6 Rexistráronse os datos para a súa comunicación responsable do plan de coidados individualizados.
CA5.7 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.
CA5.8 Argumentouse a importancia do control e do seguimento da evolución física e sanitaria da persoa, para mellorar o seu benestar.

4.7.e) Contidos

Contidos
0 Aplicación de técnicas e procedementos de medición e rexistro de constantes vitais. Constantes vitais: temperatura, frecuencia respiratoria, presión arterial e frecuencia cardíaca. Rexistro gráfico das constantes vitais. Balance hídrico. 0 <i>Rexistro gráfico das constantes vitais. Balance hídrico</i>
Aplicación de técnicas e instrumentos de obtención de información sobre o estado físico e sanitario das persoas usuarias: Protocolos de observación e rexistro. Obtención de información das persoas usuarias e das persoas coidadoras informais. Aplicación de técnicas e instrumentos para o seguimento das actividades de atención sanitaria.
Utilización de rexistros manuais e informatizados: rexistro de incidencias. <i>Utilización de rexistros manuais: rexistro de incidencias</i> <i>Utilización de rexistros informatizados: rexistro de incidencias</i>
Transmisión da información ao equipo interdisciplinar.
Valoración da importancia da precisión e a obxectividade no rexistro dos datos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva no presente módulo evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades que se desenvolverán ao longo do curso.

Polo tanto, para poder superar o módulo, o alumnado deberá demostrar a adquisición das evidencias de coñecemento, desempeño e produto reflectidos nos criterios de avaliación, necesitando un valor superior de 5 sobre 10 de todos os considerados mínimos exigibles (ou o proporcional do valor asignado a cada criterio de avaliación). Neste módulo todos os criterios de avaliación son considerados mínimos exigibles.

A proporción de nota equivalente as probas de dominio e coñecemento dos criterios de avaliación representarán o 90% da nota. O outro 10% corresponderase co traballo de aula que consistirá na participación activa na realización das tarefas e actividades expostas pola profesora (a profesora poderá pedir en calquera momento a libreta do alumnado para a consulta do traballo realizado).

Para calcular o valor de cada avaliación, farase a suma da nota sacada nas probas de avaliación dos contidos mínimos exigibles (90% da nota) e do traballo na aula (10%).

A cualificación final será calculada segundo as porcentaxes que se lle foron asignando ós criterios de avaliación nas distintas unidades didácticas e o peso da unidade didáctica no módulo.

A cualificación será numérica, entre un e dez, con dous decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco. Se o primeiro decimal fose igual ou superior a 6, a nota redondearase á alta. Pola contra, se ese primeiro decimal é inferior a 6, a nota será redondeada á baixa.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere algunha dos criterios de avaliación, poderá realizar as actividades de recuperación que poderán incluír probas escritas, actividades, elaboración ou repetición de prácticas suspensas, coa finalidade de recuperar os criterios de avaliación necesarios. Para superar os exercicios propostos será preciso acadar unha nota igual ou superior a 5 de 10 en todos e cada un deles (ou o proporcional do valor do criterio de avaliación).

Si non superase aínda así algún criterio de avaliación considerado mínimo exigible, realizaráselle unha proba antes da avaliación final. As actividades de recuperación serán entregadas ao alumno nun informe individualizado onde se concreta a fecha de entrega límite.

Os alumnos que promocionasen a segundo curso con este módulo pendente terán que estar avaliados de todo o módulo en marzo, previamente a poder acceder á FCT. Para iso realizarase a temporalización das unidades didácticas como si correspondesen a 12 sesións á semana para poder finalizar nese tempo. Entregarase ó alumno o informe de seguimento da avaliación onde se especifica os criterios de avaliación asociados ás unidades didácticas e as fechas dos exames xa marcados para cumprir a temporalización. Facilitaráselle o material e as actividades que se lle entregarán por cada unidade didáctica.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que se atope nesta situación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final dos módulos correspondentes (artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011), que se realizará no mes de xuño, previa publicación da data acordada no

Departamento para a súa realización.

Nesta proba, o alumnado será avaliado de todos os contidos impartidos no módulo ao longo do curso. Esta valorará as evidencias de coñecemento, de produto e de desempeño de todos criterios de avaliación que determinen o grao de dominio das competencias profesionais do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Programación Didáctica avaliarase polo profesor do módulo e polo propio Departamento ou equipo docente do ciclo, conforme os seguintes criterios de avaliación:

- A) Os resultados das probas de avaliación e do desenvolvemento e asimilación das actividades levadas a cabo polo alumnado foron suficientes.
- B) Detectáronse necesidades non previstas que esixen ser consideradas.
- C) A metodoloxía empregada é idónea para desenvolver as orientacións pedagóxicas plantexadas.
- D) A elección e utilización dos recursos persoais e materiais didácticos é adecuada.
- E) Os materiais curriculares consultados e elaborados son de calidade pedagóxica.
- F) Os instrumentos de avaliación empregados son apropiados para levar a cabo a avaliación inicial, formativa e sumativa.
- G) O alumnado interioriza e integra as aprendizaxes previstas en educación en valores.
- H) As medidas de reforzo educativo son adecuadas para dar resposta ás necesidades específicas de apoio ou ás necesidades educativas especiais dos alumnos.

A profesora fará un seguimento constante das actividades. Para a súa realización utilizarase a aplicación informática da Consellería de Educación, informando mensualmente nas reunións de equipo docente do grao de cumprimento da mesma. No caso de modificacións significativas na programación, estas xustificaranse debidamente e deixarase o correspondente modelo de seguimento, anexo á acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional. Ao final de curso, a profesora realizará a memoria final do módulo, segundo o modelo establecido, na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o ano e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Para a avaliación da práctica docente o alumnado realizará unha enquisa de satisfacción do labor docente por cada avaliación, que serán analizadas polo equipo docente na seguinte reunión de departamento

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A fin de determinar a existencia no grupo de alumnos/as con necesidades de apoio educativo, o equipo docente do ciclo realizará unha reunión inicial nos primeiros quince días do curso para intercambiar a información obtida nas avaliacións iniciais.

O carácter vivo e flexible da programación didáctica permitirá unha adaptación ós distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado. A través das actividades semanais, o profesor fará un seguimento da aprendizaxe do alumnado, quen pode consultar todo tipo de dúbidas e solicitar as explicacións que sexan necesarias.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

As medidas de reforzo educativo que se deberán de ter en conta para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, son:

- * Medidas de atención individual dentro e fóra da aula.
- * Flexibilidade nas estratexias didácticas e educativas.
- * Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- * Apoio antes, durante e despois da explicación da unidade didáctica.
- * Potenciación do traballo grupal e da interacción.
- * Novas tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- * Adaptación das actividades e probas obxectivas.
- * Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- * Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores pódese definir como un proceso de desenvolvemento e construción persoal. Educar en valores significa encontrar espazos para que o alumnado sexa capaz de elaborar de forma racional e autónoma os principios de valor, principios que lle van a permitir enfrontarse de forma crítica á realidade, e de maneira que as relacións cos demais estean orientadas por valores como a xustiza, a solidariedade, o respecto e a cooperación.

Os obxectivos das técnicas de educación en valores baséanse no suposto de que os valores se aprenden ao longo do desenvolvemento da vida das persoas, e por tanto poden ser ensinados e transmitidos desde as actividades realizadas na aula, así como desde a propia relación que se establece entre os membros da comunidade educativa, desde os profesores, os padres e os alumnos.

Desde a perspectiva de educación en valores traballamos fundamentalmente estratexias centradas na formación da competencia social e persoal, orientadas á adquisición de valores e desenvolvemento da autonomía, a través do emprego de técnicas de clarificación análise de valores.

Entendemos que a formación de valores pode ser un medio eficaz para previr os comportamentos de risco e, a súa vez, contribuír a que os alumnos valoren a saúde como un ben que hai que conservar e promover.

Para isto, teremos que coñecer os valores sostidos polos alumnos e deseñar un programa educativo de formación, destacando dous aspectos esenciais:

1. Os valores se aprenden, polo que poden ser ensinados.
2. Los valores como preferencias persoais non se impoñen: o individuo os sostén ou non os sostén.

Os temas transversais son contidos de ensinanza-aprendizaxe que non fan referencia a ningunha área en concreto senón que deben tratarse de forma global mediante proxectos compartidos polo profesorado.

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van a formar parte da actividade escolar de forma integrada. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento persoal e integral do individuo, como para o desenvolvemento dun proxecto de sociedade máis libre e pacífica, máis respectuosa cara ás persoas e á propia natureza.

A educación en valores componse dos seguintes:

- * Educación moral e cívica.
- * Educación para a paz.
- * Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos.
- * Educación ambiental.
- * Educación para a saúde.
- * Educación viaria.
- * Educación do consumidor.
- * Educación para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Para programar a educación en valores, tarefa complexa na Formación Profesional, o procedemento que se segue é o seguinte:

1. Determinar os temas de educación en valores que, dunha forma natural e non forzada, aparecen nos obxectivos do módulo.
2. Definir os obxectivos específicos a lograr para cada un deles.
3. Indicar as unidades de traballo onde deben aplicarse.
4. Sinalar a metodoloxía a utilizar.
5. Indicar unha proposta de avaliación.

No módulo, aparecen os seguintes valores:

- * Educación moral e cívica.
- * Educación para a paz.
- * Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos.
- * Educación ambiental.
- * Educación para a saúde.
- * Educación para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Educación moral e cívica:

- * Inculcar normas, principios e condutas, que as aprendan e que as doten de forza moral.
- * Formar persoas autónomas, dialogantes, dispostas a comprometerse nunha relación persoal e nunha participación social atendendo ao uso crítico da razón e apertura cara aos demais, respectando os dereitos humanos.
- * Desenvolver formas de pensamento cada vez mellores sobre temas morais e cívicos, pero tamén de aplicalos á vida persoal e colectiva para mellorar ambas.

Educación para a paz:

- * Recoñecer e afrontar as situacións de conflito desde a reflexión serena sobre as súas causas, tomando decisións negociadas para solucionarlas dunha forma creativa, tolerante e non violenta.
- * Actuar na diversidade social e cultural cun espírito aberto, respectuoso e tolerante, recoñecendo a riqueza do diverso como elemento

positivo que nos formula o reto permanente de superación persoal e social da nosa convivencia en harmonía.

- * Coñecer e potenciar os dereitos humanos recoñecidos internacionalmente, favorecendo unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacións coñecidas que atenten contra eles, facilitando situacións cotiás que permitan concienciarse de cada un deles.
- * Valorar a convivencia pacífica cos outros e entre os pobos como un ben común da humanidade que favorece o progreso, benestar, entendemento e comprensión, rexeitando o uso da forza, a violencia ou a imposición fronte ao débil e apreciando os mecanismos do diálogo, do acordo e da negociación en igualdade e liberdade.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos:

- * Evitar a discriminación por razón de sexo e os valores estereotipados.
- * Incrementar a igualdade de oportunidades, superando a discriminación e fomentando a comunicación e a participación.

Educación ambiental:

- * Recoñecer valores e aclarar conceptos para crear habilidades e actitudes necesarias, tendentes a comprender e apreciar a relación mutua entre o home, a súa cultura e o medio biofísico circundante.
- * Xerar unha conciencia e solucións pertinentes aos problemas ambientais actuais causados por actividades antropoxénicas e os efectos da relación entre o home e o medio ambiente.
- * Aprender a levar unha vida sostible que reduza o impacto humano sobre o medio ambiente e que permita a subsistencia do planeta.
- * Reducir a contaminación, minimizar a xeración de residuos, impulsar a reciclaxe, evitar a sobreexplotación dos recursos e garantir a supervivencia do resto das especies.

Educación para a saúde:

- * Recoñecer o dereito á felicidade das persoas, que é benestar físico, pero tamén equilibrio afectivo e emocional, nun medio social saudable.
- * Promocionar a saúde como un valor apreciado polo alumnado, de forma que adquiran hábitos e costumes para o seu benestar físico e mental e do seu entorno social.
- * Elaborar e interiorizar normas básicas de saúde: hixiene, alimentación, coidado corporal, ...
- * Estimula o interese e o gusto polo deporte e a actividade física como medio para manter unha vida saudable e para o fomento da amizade e a solidariedade.
- * Valorar criticamente situacións e condutas de risco para a saúde, decidindo os medios persoais máis axeitados para evitalas e colaborando con outros grupos sociais para superalas.
- * Participar en actividades institucionais ou de acción cidadá que promovan a saúde, adquirindo compromisos de mellora das deficiencias sanitarias e marxinación doutros colectivos e sociedades subdesenvolvidas.

Educación para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación:

- * Utilizar as TIC's para a vida diaria persoal, profesional e social do alumnado e do futuro profesional.
- * Preparar aos alumnos para a vida nunha sociedade na que os dispositivos e os sistemas baseados na microelectrónica serán de utilización xeral.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade estarán en constante relación e coordinación cos demais departamentos didácticos do IES Marco do Camballón.

A colaboración e coordinación na programación, xestión e execución de actividades complementarias ao longo do presente curso, levarase a cabo entre todos os docentes do ciclo formativo de grao medio de atención á persoas en situación de dependencia.

10.Outros apartados

10.1) Fomento da lectura

Participarase na "Hora de lectura" e asesoraranse libros complementarios a temática do módulo.